



CIRCULAR 03-2024.

XXVII MEMORIAL ALEJANDRO LORENZO - CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CAMPO A TRAVÉS SUB 10, SUB 12 E SUB 14

XXXVI CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CAMPO A TRAVÉS MÁSTER

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo, coa colaboración do Concello de A Rúa, organiza os Campionatos Xunta de Galicia Sub 10, Sub 12, Sub 14 e Máster, individuais e por equipos, o 20 de xaneiro, no circuíto de O Aguillón, en A Rúa (Ourense).

Art.2).- Participación nos Campionatos

- Campionatos individuais
 - o Poderán participar atletas con licenza en vigor pola FGA.
- Campionatos por equipos
 - o Poderán participar atletas que teñan licenza na presente tempada por algún club de Galicia.
 - o Cada club poderá participar cun número ilimitado de corredores.
 - o Limitación no nº de atletas de clubs asociados: 1.
 - Deberá correr coa indumentaria do club principal.
 - o En categoría Máster, realizaranse 3 clasificacións por grupo de idade e sexo.

GRUPOS DE IDADE
De 35 a 44 anos
De 45 a 59 anos
Máis de 60 anos

- Pódese baixar de grupo de idade, debendo indicalo na inscrición no campo dorsal.

* Só participaría do Campionato individual se a carreira na que participa coincide coa dos atletas da súa categoría.



Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> con límite ata o luns 15 de xaneiro ás 20:00.

Art.4).- Cámara de chamadas

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma. De non ser así, non poderá participar salvo causa xustificada e aceptada polo xuíz árbitro da competición.
- Os atletas deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.
- Peche da cámara de chamadas → 10' antes da proba.

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6).- Horario

APERTURA CÁMARA CHAMADAS	PECHE CÁMARA CHAMADAS	HORA SAÍDA	CATEGORÍA	DISTANCIA	VOLTAS	PECHE CONTROL *
9:50	10:05	10:15	Máster Homes M35-40	5300 aprox	1 P + 3 G	25 min*
10:20	10:35	10:45	Máster Mulleres	5300 aprox	1 P + 3 G	40 min*
11:05	11:20	11:30	Máster Homes M45 en diante	5300 aprox	1 P + 3 G	40 min*
11:50	12:05	12:15	Sub 10 Mulleres	800 aprox	1 P	
12:05	12:20	12:30	Sub 10 Homes	800 aprox	1 P	
12:20	12:35	12:45	Sub 12 Mulleres	1500 aprox	1 G	
12:35	12:50	13:00	Sub 12 Homes	1500 aprox	1 G	
12:50	13:05	13:15	Sub 14 Mulleres	2300 aprox	1 P + 1 G	
13:10	13:25	13:35	Sub 14 Homes	2300 aprox	1 P + 1 G	

ENTREGA DE PREMIOS: comenzará ás 12:30 coas categorías Máster. As entregas de menores realizaranse a continuación, segundo se dispoña de resultados oficiais de cada proba.

*Pecharase o control de chegada unha vez cumprido o tempo determinado para cada carreira.



Art.7).- Sistema de clasificación por clubs:

Máster | Menores

- Confeccionarase, para cada grupo de idade, unha listaxe por orde de chegada, conformada polas 6 primeiras persoas que cheguen a meta de cada club e excluindo desta a aquelas persoas cuxos equipos non cheguen a meta con 3|4 integrantes.
- Atribuiráselle, a cada atleta, un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo a citada listaxe.
- A puntuación do equipo obterase pola suma de puntos dos 3|4 mellores clasificados/as de cada equipo.
- Proclamarase vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
- Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuxo último atleta en puntuar (3|4) teña finalizado máis preto do gañador/a da proba.

Art.8).- Premios:

- Os/as tres primeiros/as atletas Sub 10, Sub 12, Sub 14 e de cada categoría Máster, recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato.
- Os/as tres primeiros/as equipos Sub 10, Sub 12, Sub 14 e de cada grupo de idade Máster, recibirán un trofeo conmemorativo do Campionato.
- A asistencia ao acto de entrega de premios é obrigatoria por parte dos premiados, que non poderán delegar a súa representación en ninguén, salvo causas excepcionais autorizadas pola FGA.

Art.9).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- Inscricións fora de prazo:
 - o Deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración:
 - Individuais: 10 € por atleta.
 - Clubs: 25 € por equipo.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por atleta, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo direcciontecnica@atletismo.gal

Art.10).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, 4 de xaneiro de 2024